


GRUPO DE TRABAJO DE PRODUCCIÓN AGRODANDEIRA

ORGANIZACIÓN DO TRABALLO DO GRUPO



DINAMIZADOR (Estímulo)

- * Recolla de información das empresas
- * Preparación das reunións do grupo
- * Elaboración de documentación do grupo
- * Reunir información das capacidades dos grupos de investigación
- * Posta en común da información con líderes e secretarías: proposta de actividades e plan de traballo.

SECRETARÍAS (Xestión do coñecemento)

- * Xestión da documentación xerada
- * Organización das reunións e xornadas
- * Seguimento da evolución dos grupos
- * Proposta á Comisión de I+D de actividades a desenvolver e xestión das mesmas.
- * Xestión das comunicacións
- * Procura de socios en consorcios
- * Recolla e difusión de información de interese
- * Tramitación de informes de vixilancia

FEUGA (Xestión I+D)

- * Identificación e definición das convocatorias axeitadas para as diferentes liñas e propostas
- * Tramitación da memoria de proxecto
- * Tramitación de consorcios
- *

MISIÓN DO GRUPO

Ser un foro capaz de extraer, das necesidades do sector, solucións innovadoras que contribúan ao seu progreso. Suscitar e Impulsar a consolidación de proxectos innovadores adaptados ás nosas necesidades, capacidades e potencialidades a través do desenvolvemento de diferentes actividades: xornadas, estudos de vixilancia, difusión de información, formación....

OBXECTIVOS

Estratéxicos:

- Integrar a innovación do sector vertical e horizontalmente
- Xerar proxectos cooperativos de I+D+i
- Identificar e consolidar as liñas prioritarias de innovación no sector
-

Operativos:

- Definir as áreas de traballo máis importantes dentro do sector primario en Galicia
- Fomentar o intercambio de coñecemento nesas áreas
- Incrementar a participación no grupo de traballo público

O CENTRO de INVESTIGACIÓNS AGRARIAS de MABEGONDO (CIAM)

O [CIAM](#) atópase vinculado ao Instituto Galego de Calidade Alimentaria ([INGACAL](#)) creado coa intención de ser o referente en canto a investigación e desenvolvemento tecnolóxico nos sectores agrícola, gandeiro, forestal e alimentario de Galicia. Traballa ao carón dos distintos centros de investigación, estacións experimentais e laboratorios da actual Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais da Consellería do Medio Rural.

Entre os seus obxectivos está desenvolver a investigación agrícola, gandeira e alimentaria, ademais de impulsar o desenvolvemento e a transferencia tecnolóxica. Ocúpase tamén de apoiar proxectos que comporten novas orientacións produtivas ou de adecuación ao mercado e ás súas esixencias, actuando como medio propio da administración en áreas como a investigación e a transferencia de tecnoloxía, a certificación da calidade ou a promoción de iniciativas de desenvolvemento específicas.

Desde o ano 2008, o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) está adscrito ao ente público Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL). O CIAM conta cun equipo humano de 150 profesionais organizados en 3 departamentos interrelacionados: Coordinación e Desenvolvemento Tecnolóxico, Pastos e Cultivos e Producción Animal:

Departamento de Pastos e Cultivos (liñas de traballo)

- ✓ Preservación e mellora dos recursos fitoxenéticos, caracterización e mantemento da riqueza vexetal autóctona, recuperación de variedades de horta, froitas e lúpulo
- ✓ Avaliación agronómica e nutricional de cultivos forraxeiros frescos e conservados
- ✓ Investigación nas áreas de agronomía e mecanización dos sistemas forraxeiros
- ✓ Mellora xenética: aproveitamento de alimentos, transvase de nutrientes ao leite
- ✓ Investigación en cultivos forraxeiros e adaptación ás necesidades: incorporación de leguminosas
- ✓ Valoracións nutritivas e calidade hixiénica de forraxes e alimentos para o gando
- ✓ Sistemas produtivos sustentables e de reducido impacto ambiental: solos, augas, fertilización.

- ✓ Mellora dos estándares de seguridade dos alimentos de consumo animal

Departamento de Producción Animal (liñas de traballo)

Valorización de recursos propios das explotacións para obter leite e carne de ovino e vacún cunha menor dependencia de insumos externos.

- ✓ Producción de carne de alta calidade baseada en forraxes.
- ✓ Sistemas de produción leiteira en pastoreo.
- ✓ Viabilidade do manexo de explotacións en ecolóxico.
- ✓ Calidade nutricional e físico-química dos produtos.
- ✓ Investigación en lévedos para a industria queixeira.
- ✓ Avaliación organoléptica dos produtos.
- ✓ Mellora dos estándares de seguridade dos alimentos de consumo humano.

Departamento de Coordinación e Desenvolvemento Tecnolóxico (liñas de traballo)

- ✓ Análise de custos de produción en granxas.
- ✓ Difusión directa da Tecnoloxía: Días de Campo, reunións específicas con sectores e grupos específicos, visitas dos agricultores e alumnos de centros de ensino técnico ás fincas e laboratorios do CIAM, xuntanzas co Servizo de Extensión Agraria, charlas dos investigadores do CIAM aos técnicos e agricultores das cooperativas e outras institucións...

Instalacións

O Centro conta con máis de **300 Has adicadas a investigación en 4 localizacións:**

Marco da Curra, 180 Has onde se estuda o aproveitamento gandeiro de terras a mato. Mantén actualmente rabaños de 300 ovelas, 100 vacas rubias e 35 cabalos de pura raza galega.

Bos en Guísamo, 25 Has adicadas á investigación de froiteiras e cereais autóctonos.

Pobra de Brollón, no Caurel 30 Has nas que se traballa en cultivos forraxeiros e que conta cun rabaño de rubia en proceso de reconversión cara a produción ecolóxica.

Finca do Monte en Mabegondo, centro de referencia do conxunto conta con 2000 m adicados a laboratorios e outras 300 Has de extensión.

As tecnoloxías desenvolvidas no CIAM nos últimos anos sobre transformación de montes en praderías, sistemas de engorde de tenreiros procedentes de rabaños de vacas de leite e carne, sistemas de produción de leite, utilización do ensilado e produción do gando ovino, tiveron un impacto importante no sector agrario a través dos agricultores que adoptaron estas técnicas.

A carteira de proxectos de investigación financiados en convocatorias públicas vixentes no CIAM en 2009 era de 40, dos cales aproximadamente 1/3 realizábanse en colaboración con empresas do sector.

A eles hai que sumar un total de 41 proxectos de transferencia tecnolóxica realizados no citado ano. O valor total dos proxectos de investigación e transferencia en 2009 ascendeu a 1.4 millóns de euros aproximadamente.

LIÑAS PRIORITARIAS PROPOSTAS

1. *Emprego de razas autóctonas na conservación do medio natural.*
2. *Adaptación da agricultura e da gandería ao cambio climático.*
3. *Redución de fontes proteicas na alimentación do gando vacún.*
4. *Mellora na composición e utilización de forraxes para o incremento das propiedades nutricionais e funcionais dos produtos agro-gandeiros.*
5. *Desenvolvemento de sistemas sustentables de produción agrícola e gandeira, baseados na utilización de recursos naturais.*
6. *Utilización da gandaría extensiva e impulso dos sistemas de produción integrada e ecolóxica.*
7. *Seguridade alimentaria e ambiental nos sistemas produtivos agrarios.*
8. *Xestión do recurso da auga nas explotacións agro-gandeiras.*
9. *Impacto do uso de pesticidas na calidade das augas e dos solos nas explotacións*
10. *Aproveitamento dos subprodutos nas explotacións*